

O XV COLOQUIO GALEGO DE CRISTIÁNS

Xosé COUCE REY

Cando no mes de Xaneiro rematábamos o XIV Coloquio quedáramos en celebrar o seguinte no mes de Santos, pero a importancia dos acontecementos que tiveron lugar neste tempo aconsellou a celebración inmediata doutra xuntanza para analizar dende a perspectiva da nosa fe un acontecemento tan importante como as ELECCIONS POLITICAS. Por eso nos xuntamos no Mosteiro de Poio uns cento vinte cristiáns das cinco diócesis galegas, xente de sempre dos Coloquios e tamén algunha xente que se vai engadindo de novo, xente que acepta a opción feita nos Coloquios anteriores e que quer levar adiante o seu compromiso co povo galego encol da súa liberación. A pesares de contar co consenso do Arcebispo de Santiago a Garda Civil esixeulle o Superior do Mosteiro que presentásemos un permiso escrito xa que si non “irían a ter dificultades”. Non cabe dúbida que a xente de Coloquios sigue sin ser do agrado do Gberno Civil de Pontevedra aínda que éste cambeou de titular fai poucos días. Xa sabemos que todo esto é froito da limitación das liberdades que se nos prometen.

A RAZON DESTE COLOQUIO

O derradeiro Coloquio pronunciouse por unha sociedade socialista como froito da coerenza entre a fe e a práctica política, e polo tanto “consideramos —decíase nas súas conclusións— incoerentes coa nosa fe as opcións políticas e sociais que clara ou solapadamente tenden a conservar a sociedade de clases do capitalismo”, non podíamos polo tanto deixar pasar o feito das eleccións sin facer unha reflexión de cara a nosa postura como cristiáns galegos. O tema foi: “O CRISTIAN ANTE AS ELECCIONS POLITICAS”

O FUTURO DE GALICIA E COMPETENCIA DAS CORTES CONSTITUENTES

Na primeira ponencia fixo Basilio García unha análise da Lei de Reforma Política; no aspecto xurídico destacando os factores “constituíntes” ou non das Cortes a eleixir; no aspecto político vista dende a legalidade e dende a oposición. Pasou logo o estudo da situación diante das eleccións con unha Lei Electoral, uns partidos legalizados que entran de cheo no xogo das eleccións e unha esquerda sin legalizar que non entra no combate. Finalmente a realidade galega que tería que ser considerada por estas Cortes e o perigo dun despilfarro de votos, dun caciquismo que pode facer inclinar as votacións e unhas forzas moi incidentes no mundo rural.

A IGREXA FERMENTO CRITICO DA SOCIEDADE

Nun somero recorrido por algúns documentos da Xerarquía Eclesiástica tratou Pepe Chao de atopar o trasfondo da ideoloxía e implicacións destes documentos en cuestións de candente actualidade. Afirmou que a Igrexa ten o deber de ser fermento crítico da sociedade dende dentro da mesma sociedade. O crego como calquer cidadán ten dereito a presentarse as eleccións e defender os dereitos do pobo si este o elixe para elo.

NON HAI TERCEIRA VIA

Francisco Carballo despois de analizar algunhas dificultades postas as conclusións do XIV Coloquio encol da opción por unha sociedade socialista afirma a non existencia dunha terceira vía entre o socialismo e o capitalismo e polo tanto as realizacións socialistas están mais perto da alternativa de Xesús cas capitalistas. En Galicia a nosa fe esixe unha alternativa socialista que é a única que pode rachar a **dependencia** opresora do proceso de liberación do noso pobo. É evidente que a nosa fe non se **reduce** nin se **adecua** con tal alternativa. Esplicou a sinificación e a forza do "horizonte utópico cristián" que non se pode parar unha determinada opción senon que ten que se esforzar por unha constante superación das contradicións que se atopan na realidade.

AS CONCLUSIONS

Nos traballos de grupos foron tomando corpo nunhas conclusións que logo se recolleron nun comunicado final que punto por punto se foron concretando hasta chegar a aprobación definitiva que nalgúns casos esixeu a votación dos diversos modos pra atopar o sentir da maioría. O texto deste comunicado foi dado a prensa e atópase noutra sección deste mesmo número.

O SABADO A NOITE: MESA REDONDA

Cun carácter puramente informativo tívose unha Mesa Redonda sobor de dous problemas que teñen moita incidencia en toda Galicia, non son os únecos pro postos a escoller os organizadores fixéronse neste. Informaron membros das Asociacións de afectados pola Autopista do Atlántico explicando que a oposición non é a Autopista en si como medio moderno de comunicación senon a esta Autopista que racha a Galicia pola metade e a non ter enconta a realidade galega nin prever a solución dos múltiples problemas que causa. Un grupo de maestras de Lugo-Montaña espuxeron o problema que se produxo o non aprobar a Inspección de EGB as probas feitas por uns nenos das Escolas Unitarias da Montaña cando foran aprobadas polo tribunal desinado para estas probas. É unha manifestación mais dunha planificación non axeitada a realidade galega, remataron decindo estas maestras.

Xosé COUCE REY